


**IES A Basella**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**VALORES ÉTICOS 2º ESO**

**DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**




**Curso 2022-2023**



## Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	PÁX. 3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS (INCLÚE GRÁFICO-MODELO DE PERFIL COMPETENCIAL) .....	PÁX. 4
3. OBXECTIVOS .....	PÁX.5
4. CONTIDOS .....	PÁX. 10
4.1.- CONTIDOS COMÚNS .....	PÁX. 10
4.2.- CONTIDOS ESPECÍFICOS .....	PÁX. 11
4.3.- CONTIDOS MÍNIMOS .....	PÁX.12
4.4.- CONTIDOS ESPECÍFICOS ESTRUCTURADOS E ADAPTADOS .....	PÁX. 14
5. TEMPORALIZACIÓN (ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES TEMÁTICAS ESTRUCTURADAS E ADAPTADAS) .....	PÁX. 15
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	PÁX. 16
6.1.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN .....	PÁX. 16
6.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN PORMENORIZADOS POR BLOQUES TEMÁTICOS .....	PÁX. 17
7. MÍNIMOS EXIXIBLES .....	PÁX.19
8. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	PÁX. 21
8.1.- INSTRUMENTOS XERAIS (INCLÚE: EXEMPLO DE SECUENCIACIÓN DE TRABALLO NA AULA) .....	PÁX. 21
8.2.- INSTRUMENTOS CONCRETOS (ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE LOMCE SEGUNDO BLOQUES TEMÁTICOS + RÚBRICAS) .....	PÁX. 22
8.3.- TÁBOAS RELACIÓN ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA.....	PÁX. 25
9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. AVALIACIÓN CONTEXTO PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL .....	PÁX. 33
10. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS – AVALIACIÓN INICIAL .....	PÁX. 35
11. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	PÁX. 36
12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLÚIDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	PÁX. 38
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	PÁX. 39
13.1.- MEDIDAS XERAIS.....	PÁX. 41
13.2.- MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS.....	PÁX. 41
14. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	PÁX. 42
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	PÁX. 42
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	PÁX. 43
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	PÁX. 43
18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	PÁX. 43
19. PROGRAMACIÓN DA MATERIA PARA PENDENTES.....	PÁX. 44
20. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN (INCLÚE INDICADORES).....	PÁX. 44
21. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	PÁX. 47
21.1.- INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO.....	PÁX. 47
21.2.- INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.....	PÁX. 48
22. REFENCIAS NORMATIVAS.....	PÁX. 49
23. DATOS DO DEPARTAMENTO.....	PÁX. 49
24. PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN.....	PÁX. 50



## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN


### A) INTRODUCCIÓN.-

A materia de Valores Éticos ten coma obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escollo do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir de virtudes intelectuais coma o rigor, a coherencia, a honradez intelectual, ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal, e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de acadar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de acadar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require da posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia aprender a aprender como sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da DUDH. É desde eses valores que tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apuntamos, tamén, a oportunidade que nos brinda a materia para por en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, estudo de casos, traballo por retos, ... metodoloxías todas elas que confiren ao alumnado papel de axentes activos da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo coma a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a Educación Cívica e Constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión lectora, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sostible, o abuso e maltrato de persoas con discapacidade ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e outros é a reflexión ética quen ten que orientar a nosa conduta.



O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: a dignidade da persoa; a comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais; a reflexión ética; a xustiza e a política; os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos, e, por último, os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía. As diferenzas entre bloques e o ter en conta os distintos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do 1º ciclo, os alumnos e as alumnas de 1º de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais, e a introdución á reflexión ética e política. **En 2º de ESO, curso no que nos centraremos nesta programación, abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os grandes pensadores e filósofos da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central.** En 3º de ESO, os temas atinxen á configuración da vida social e política, poñendo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, contemplando como tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan e enriquecen ese criterio. No 4º curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de fondura superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes daqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

## B) CONTEXTUALIZACIÓN.-

- Curso: 2º ESO
- Número de grupos: 2
- Número de alumnos/as: 21 (3+ 18)
- A lingua predominante no alumnado é o castelán
- Non hai libro de texto. A profesora empregará apuntamentos e materiais de Edixgal.
- Tamén se empregarán recursos dixitais e documentais accesibles na rede.

## 2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS (INCLÚE GRÁFICO-MODELO DE PERFIL COMPETENCIAL)

Listado das competencias LOMCE coas súas correspondentes siglas:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).


Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).



C. CLAVE	ESTÁNDAR APRENDIZAXE	%CONTRIBUCIÓN
CCL	VEB1.1.1, VEB1.3.2, VEB2.1.1, VEB2.1.2, VEB3.2.2, VEB3.3.1, VEB3.4.1, VEB3.5.1, VEB3.5.4, VEB3.6.1, VEB3.6.3, VEB3.7.1, VEB3.7.3, VEB3.8.1, VEB3.8.3, VEB4.2.2, VEB5.1.1, VEB6.1.2, VEB6.3.1 (19)	31,67%
CMCCT	VEB6.1.1, VEB6.1.2, VEB6.2.1, VEB6.3.1 (4)	6,67%
CD	VEB2.1.1, VEB4.2.1, VEB5.1.1, VEB6.1.3, (4)	6,67%
CAA	VEB1.3.2, VEB3.6.1, VEB3.6.3, VEB4.1.2, VEB4.2.2, VEB6.1.1 (6)	10,00%
CSC	VEB1.2.1, VEB1.2.2, VEB1.3.1, VEB1.3.2, VEB2.1.2, VEB3.1.1, VEB3.1.2, VEB3.2.1, VEB3.2.2, VEB3.4.2, VEB3.5.4, VEB4.2.1, VEB6.1.1, VEB6.1.2, VEB6.3.1, VEB6.3.2 (16)	26,67%
CSIEE	VEB2.1.2, VEB3.8.3, VEB4.2.1, VEB6.1.3, VEB6.3.2 (5)	8,33%
CCEC	VEB3.5.2, VEB3.5.3, VEB3.6.2, VEB3.7.2, VEB3.8.2, VEB4.1.1, (6)	10,00%


### PERFIL COMPETENCIAL VALORES ÉTICOS 2º ESO

Competencias	Nº Competencias	Porcentaxe
CCL	19	31,67
CMCCT	4	6,67
CD	4	6,67
CAA	6	10,00
CSC	16	26,67
CSIEE	5	8,33
CCEC	6	10,00
TOTAL	60	100,00

### 3.- OBXECTIVOS


Segundo o *Artigo 10* do **decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na comunidade autónoma de Galicia, os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria** contribuirán a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.



- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.






## **Co desenvolvemento da materia de “Valores éticos” de 2º de ESO pretendemos centrarnos nos seguintes obxectivos sinalados na LOMCE:**

**Bloque 1: A dignidade da persoa** ⇒ **Obxectivos a, b, c, d, h, l**, é dicir:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**Bloque 2: A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais** ⇒ **Obxectivos a, b, e, g, h**, é dicir:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.



h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**Bloque 3: A reflexión ética** ⇒ **Obxectivos a, b, c, d, e, g, h, l**, é dicir:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**Bloque 4: A xustiza e a política** ⇒ **Obxectivos a, b, e, g, h, l**, é dicir:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.






- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**Bloque 5: Os valores éticos, o dereito, a declaración universal dos dereitos humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos** ⇒ **obxectivos b, e, h**, é dicir:

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**Bloque 6: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía** ⇒ **Obxectivos a, b, d, e, f, g, h, m**, é dicir:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.



g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

## 4.- CONTIDOS.

### 4.1.- CONTIDOS COMÚNS.

-Tratamento e análise crítica da información pertinente para os problemas tratados, que se obterá por diferentes medios, incluídas as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

-Análises e comentarios de textos (de tipo moral, filosófico, científico, literario, xurídico, político, sociolóxico, artístico, etc.) que permitan comprender e afondar nos problemas tratados.

-Práctica da reflexión, debate e argumentación dialóxica rigorosa e coherente, empregando os esquemas e procedementos achegados pola lóxica e a teoría da argumentación aplicados á reflexión ético-moral, mantendo actitudes respectuosas coas persoas discrepantes.

-Exercicios de transferencia das nocións adquiridas a situacións do contorno e á vida real.

-Uso dun vocabulario técnico axeitado de carácter básico, tanto nas análises de textos coma nos debates e exposicións orais e escritas.

### 4.2.- CONTIDOS ESPECÍFICOS.-

#### BLOQUE 1. A DIGNIDADE DA PERSOA

☐ B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.

☐ B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.

☐ B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas

#### BLOQUE 2. A COMPREENSIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS


☐ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito.

☐ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.

#### BLOQUE 3. A REFLEXIÓN ÉTICA

☐ B3.1. Diferenza entre ética e moral.

☐ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.



- ▣ B3.3. Estrutura moral da persoa.
- ▣ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Kohlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.
- ▣ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.
- ▣ B3.6. Características distintivas dos valores éticos.
- ▣ B3.7. Valores éticos e dignidade humana.
- ▣ B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.
- ▣ B3.9. Relativismo moral dos sofistas.
- ▣ B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón.
- ▣ B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.
- ▣ B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais.
- ▣ B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.
- ▣ B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins.
- ▣ B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.
- ▣ B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.

#### BLOQUE 4. A XUSTIZA E A POLÍTICA


- ▣ B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.
- ▣ B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.
- ▣ B4.3. A política de Aristóteles.
- ▣ B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade

#### BLOQUE 5. OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO, A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (DUDH) E OUTROS TRATADOS INTERNACIONAIS SOBRE DEREITOS HUMANOS

- ▣ B5.1. Relacións entre ética e dereito.

#### BLOQUE 6. OS VALORES ÉTICOS E A SÚA RELACIÓN COA CIENCIA E A TECNOLOXÍA


- ▣ B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.
- ▣ B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.
- ▣ B6.3. Problemas da tecnodependencia.
- ▣ B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.



## CONTIDOS MÍNIMOS.-

Baseándonos no exposto ao longo da programación, podemos sinalar, a nivel xeral os seguintes contidos mínimos, segundo o xa citado nos obxectivos da materia, e que terán a súa evidente influencia nos criterios de avaliación:

- Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.
- Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.
- Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade
- Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.
- Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.
- Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.
- Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.
- Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.
- Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.
- Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.
- Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.
- Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.



- Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes".
- Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.
- Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.
- Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta.
- Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.
- Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis.
- Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecela e propiciar o seu aprecio e respecto.
- Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfrenta a aplicación da DUDH.
- Recoñecer que existen casos en que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH.

Estes contidos mínimos deberán sustentarse nos seguintes **piares xerais**:

- \* Empregar con propiedade e rigor os principais termos e conceptos éticos.
- \* Analizar a coherencia interna dos textos, identificando os problemas propostos e valorando criticamente os supostos morais e as solucións presentadas.
- \* Adoptar unha actitude crítica ante cuestións teóricas e prácticas, esixindo a súa debida fundamentación.
- \* Reflexionar sobre as opinións, posicións morais ou crenzas dos outros e aprecialas como un modo de enriquecer, clasificar ou poñer a proba os propios puntos de vista.
- \* Argumentar de modo racional e coherente os propios puntos de vista, tanto de forma oral como escrita.
- \* Utilizar o diálogo para contrastar e debater diferentes puntos de vista.



\* Coñecer e valorar a importancia da acción humana, libre e responsable, desde un punto de vista ético.

\* Valorar a capacidade normativa e transformadora da razón para construír unha sociedade máis xusta na que exista unha efectiva igualdade de oportunidades.

\* Valorar os intentos por construír unha sociedade mundial baseada no respecto polos dereitos humanos individuais e colectivos, na convivencia pacífica e na defensa da natureza.

\* Adoptar unha actitude crítica ante o todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda a discriminación, xa sexa por razón de sexo, raza, crenzas ou doutras características individuais e sociais.

#### 4.4.-CONTIDOS ESPECÍFICOS ESTRUTURADOS E ADAPTADOS

Debido ás dinámicas de grupo que se adoitan impoñer debido ao reducido do horario desta materia **hai que ter en conta que** os contidos que marca a lexislación foron estruturados e adaptados, para o seu traballo na aula, nas **seis unidades** didácticas que destacamos na seguinte táboa. Cada unha delas concrétese en **seis apartados**.

##### UNIDADE 1: A DIGNIDADE DA PERSOA


1. Que é a personalidade?
2. A identidade persoal
3. Adolescencia e personalidade
4. Liberdade e responsabilidade
5. A autoestima persoal
6. A dignidade humana

##### UNIDADE 2: COMPRENSIÓN, RESPECTO E IGUALDADE

1. A dimensión social do ser humano
2. Convivencia e relacións sociais
3. O principio do respecto
4. A igualdade dos seres humanos
5. Aprendendo a convivir
6. A intelixencia emocional

##### UNIDADE 3: A REFLEXIÓN ÉTICA

1. As cuestións éticas
2. Fundamentación da moral



3. Autonomía e heteronomía moral
4. O desenvolvemento da conciencia moral
5. Accións, valores e normas morais
6. Principais teorías éticas

#### UNIDADE 4: XUSTIZA E POLÍTICA

1. Ética e política
2. O Estado
3. Os valores superiores da Constitución Española
4. A democracia
5. A sociedade democrática
6. A Unión Europea

#### UNIDADE 5: DEREITOS HUMANOS

1. Son os dereitos humanos?
2. Fundamentación dos dereitos humanos
3. A Declaración Universal de Dereitos Humanos
4. Evolución dos dereitos humanos
5. Protección dos dereitos humanos
6. A conquista dos dereitos da muller


#### UNIDADE 6: VALORES ÉTICOS, CIENCIA E TECNOLOXÍA

1. Ética, ciencia e tecnoloxía
2. A revolución dixital
3. Conciencia ecolóxica e desenvolvemento sostible
4. A bioética e a investigación científica
5. A tecnodependencia
6. Internet e as novas tecnoloxías

## 5.- TEMPORALIZACIÓN (ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES TEMÁTICAS ESTRUTURADAS E ADAPTADAS).

Dentro da flexibilidade xeral que as dinámicas de grupo impoñen e do reducido do horario desta materia **hai que ter en conta que** os contidos que marca a lexislación foron estruturados e adaptados (**como aparece no apartado da nosa programación**), para o seu traballo na aula, nas **seis unidades** didácticas que destacamos, e que vimosque cada unha delas concrétese en **seis apartados**.





Tendo en conta que tan só dispoñemos dunha sesión á semana (coma xa indicamos antes), **o número de sesións dedicadas a cada unidade oscilará entre 6 e 7 sesións.**

Esta é, xa que logo, a nosa **temporalización:**

1er trimestre\_ unidades 1 e 2

2º trimestre: unidades 3 e 4

3º trimestre: unidades 5 e 6

- Nos Valores éticos de 2º de ESO será fundamental fomentar a lectura e o comentario de texto, a síntese activa e a elaboración individual de mapas conceptuais, así como a resolución de dilemas morais e a adquisición dun pensamento propio que leve a un proxecto autónomo e digno de vida. Así mesmo, na medida do posible, orientaranse certas unidades didácticas a aqueles contidos que complementen ou converxan cos doutras posibles materias (basicamente as ofertadas polo Departamento de Filosofía) para facilitar a asimilación de temáticas coas que se terán que enfrontar a curto ou medio prazo.

## 6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

### 6.1.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

Os criterios que se establecen a continuación están orientados a **comprobar o grao de consecución, por parte do alumnado, dos obxectivos -conceptuais e procedimentais-** prescritos no currículo. Estes criterios concréntanse metodoloxicamente no desenvolvemento de seis tipos de acción diferentes desde as que se deberá observar o grao de consecución dos citados obxectivos. Agora ben, tanto o proceso de aprendizaxe como as accións nas que este se pon de manifesto, son sempre complexas; de aí que cada criterio deba ser tomado como un complemento dos outros, como unha perspectiva desde a que completar todo o proceso de avaliación da aprendizaxe.

1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada bloque temático.


Con este criterio preténdese comprobar a capacidade para incorporar, procesar e integrar a información, así como avaliar o grao de autonomía que se vai adquirindo ao longo do proceso de aprendizaxe.

2. Caracterizar, identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os problemas, conceptos e teorías propostos e desenvoltos en cada un dos bloques temáticos específicos.

Con este criterio trátase de comprobar o nivel de comprensión dos problemas e teorías analizadas e o grao de coñecemento, asimilación e dominio das nocións e conceptos adquiridos sobre eles.

3. Ler, analizar e comentar, tanto oralmente como por escrito, textos referidos ás nocións e problemas abordados.

Trátase de verificar con este criterio a capacidade para identificar nas fontes e formulacións orixinais os problemas e nocións adquiridos en diferentes momentos do proceso de aprendizaxe, así como avaliar o grao de competencia lectora e doutras destrezas intelectuais básicas como a capacidade de análise (ideas principais/secundarias, supostos/conclusións), síntese (esquemas, mapas conceptuais), estruturación e



distribución do discurso, etc.

4. Debater e argumentar acerca das cuestións máis problemáticas e controvertibles suscitadas por certos temas, fundamentalmente os éticos e políticos.

Con este criterio poderase avaliar a capacidade para facer avances nos procesos de axuste, precisión e flexibilización dos conceptos ao longo do proceso discursivo, así como avaliar o grao de destreza e coherencia argumentativa mantendo o respecto ás diferentes opinións.

5. Utilizar un vocabulario técnico específico tanto nas argumentacións como nas exposicións orais e escritas.

Este criterio permite avaliar o grao de incorporación significativa do vocabulario técnico introducido e comprobar o nivel de precisión, exactitude e rigor no seu uso tanto oral como escrito.

6. Transferir e aplicar as nocións, conceptos e teorías incorporadas á análise da vida real e do propio contorno.

Poderase comprobar con este criterio o grao de funcionalidade e significatividade dos conceptos e teorías adquiridas así como o nivel de conciencia asumido acerca da utilidade dos saberes académicos.

De novo, concretando por bloques e seguindo o currículo da LOMCE teríamos:

## 6.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN PORMENORIZADOS POR BLOQUES TEMÁTICOS:

### BLOQUE 1. A DIGNIDADE DA PERSOA

☐ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.

☐ B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.

☐ B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.

### BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS


☐ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.

### BLOQUE 3. A REFLEXIÓN ÉTICA

☐ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.

☐ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.

☐ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da



inteligencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.

☐ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.

☐ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.

☐ B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.

☐ B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.

☐ B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.

#### BLOQUE 4. A XUSTIZA E A POLÍTICA

☐ B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.

☐ B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo

#### BLOQUE 5. OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO, A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (DUDH) E OUTROS TRATADOS INTERNACIONAIS SOBRE DEREITOS HUMANOS


☐ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.

#### BLOQUE 6. OS VALORES ÉTICOS E A SÚA RELACIÓN COA CIENCIA E A TECNOLOXÍA

☐ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.

☐ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce.

☐ B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.



## 7.- MÍNIMOS ESIXIBLES.

Dun xeito máis cinguido aos contidos desenvolvidos nos bloques didácticos cabería salientar como mínimos esixibles (que logo se concretarán nos estándares de aprendizaxe e dos que se tentará acadar os máximos posibles tendo en conta a escasa carga horaria coa que contamos):

### BLOQUE 1. A DIGNIDADE DA PERSOA


- Coñecementos básicos para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.
- Coñecementos básicos sobre a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.
- Coñecementos básicos sobre a idea de Kant de concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.
- Coñecementos básicos sobre a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.
- Coñecementos básicos sobre algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano.

### BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

- Coñecementos básicos sobre a distinción entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito.
- Coñecementos básicos que posibiliten a reflexión arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos.

### BLOQUE 3. A REFLEXIÓN ÉTICA

- Coñecementos básicos sobre as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.
- Coñecementos básicos sobre razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano.
- Coñecementos básicos sobre a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.
- Coñecementos básicos sobre as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.
- Coñecementos básicos sobre a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.
- Coñecementos básicos sobre as características distintivas dos valores éticos, apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.



- Coñecementos básicos sobre a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.
- Coñecementos básicos sobre o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.
- Coñecementos básicos sobre quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.
- Coñecementos básicos sobre os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e sobre a postura de Platón ao respecto.
- Coñecementos básicos que permitan comparar o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade.
- Coñecementos básicos sobre os elementos distintivos das "teorías éticas" e a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e sobre as súas características máis destacadas.
- Coñecementos básicos sobre os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.
- Coñecementos básicos sobre o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo.
- Coñecementos básicos sobre os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
- Coñecementos básicos que permitan ao alumnado ser quen de clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.
- Coñecementos básicos sobre as ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.

#### BLOQUE 4: A XUSTIZA E A POLÍTICA


- Coñecementos básicos para comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.
- Coñecementos básicos que leven a apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e a entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.

#### BLOQUE 5. OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO, A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (DUDH) E OUTROS TRATADOS INTERNACIONAIS SOBRE DEREITOS HUMANOS

- Coñecementos básicos que permitan sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.

#### BLOQUE 6. OS VALORES ÉTICOS E A SÚA RELACIÓN COA CIENCIA E A TECNOLOXÍA

---



- Coñecementos básicos que posibiliten recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.
- Coñecementos básicos para entender e valorar o problema da tecno-dependencia e a alienación humana á que conduce.
- Coñecementos básicos para utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.

## 8.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.


### 8.1.- INSTRUMENTOS XERAIS

- A observación continua que realiza o profesor/a sobre a actitude do alumno/a ao longo do curso en relación coa materia de estudo.
- O caderno de traballo do alumno/a, no que deben quedar reflectidas todas as actividades que realiza o alumno/a ao longo do curso.
- A lectura, análise e comentario tanto oralmente como por escrito de vídeos (curtametraxes, películas (ou fragmentos), material da rede, etc, referidos ás nocións e problemas abordados.
- A realización de probas escritas, parciais o globais.
- A busca, elaboración, contrastación e utilización crítica de información relevante a través de diversas fontes.
- As investigacións sobre temas concretos, realizadas de xeito individual ou en equipo.
- A preparación e realización de debates na clase.
- Exposicións orais.
- Comentarios de textos.
- Realización de traballos monográficos.
- Cuestionarios orais e escritos.
- Lectura e recensión dalgún libro corto que formule cuestións de interese ético.

### EXEMPLO DE SECUENCIACIÓN DE TRABALLO NA AULA:

#### Motivación:

- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.



### Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

### Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses ou mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.

### Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo (se as recomendación sanitarias o permiten).
- Observación do traballo na aula...

## 8.2.-INSTRUMENTOS CONCRETOS (ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE LOMCE SEGUNDO BLOQUES TEMÁTICOS + RÚBRICAS)


### Rúbrica para adquisición de todos os estándares

Estándares de aprendizaxe	Niveis de adquisición				Cualificación (máximo 4)
Indicadores de logro	En vías de adquisición (1)	Adquirido (2)	Avanzado (3)	Excelente (4)	

#### BLOQUE 1. A DIGNIDADE DA PERSOA:

- Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.
- Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.
- Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.
- Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.





- Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.

## BLOQUE 2. A COMPRESIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

- Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.
- Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.

## BLOQUE 3. A REFLEXIÓN ÉTICA


- Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.
- Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.
- Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.
- Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.
- Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.
- Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación

esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.

- Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os

valores éticos, tanto na vida persoal como na social.

- Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoas das normas xurídicas, relixiosas, etc.
- Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.
- Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.
- Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.
- Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.
- Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende,



destacando as características que a identifican como unha ética de fins.

- Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
- Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.
- Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
- Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.
- Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.
- Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.
- Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.

#### BLOQUE 4. A XUSTIZA E A POLÍTICA


- Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.
- Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.
- Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.
- Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.

#### BLOQUE 5. OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO, A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (DUDH) E OUTROS TRATADOS

- Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.

#### BLOQUE 6. OS VALORES ÉTICOS E A SÚA RELACIÓN COA CIENCIA E A TECNOLOXÍA

- Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).
- Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.



- Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.
- Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecn dependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
- Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.
- Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionarlas.

### **8.3.- TÁBOAS RELACIÓN ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA: (en páxinas seguintes)**

**TÁBOAS RELACIÓN ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA**

<b>Temporalización: 1º TRIMESTRE:</b>  <b>6-7 SESIÓN</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	<b>Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación</b>	<b>Elementos transversais</b>
--	--	--	-------------------------------

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos							Elementos transversais									
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV		
<b>BLOQUE 1: A DIGNIDADE DA PERSOA</b>	B1.1	B1.1	VEB1.1.1.	CCL	Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico.	30%	10%	80%					20%			X	X					X	X	
	B1.2	B1.2	VEB1.2.1.	CSC	Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.	50%	25%	80%					20%			X	X				X	X		
	B1.3	B1.3	VEB1.2.2.	CSC	Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.	70%	20%	60%		10%	10%			10%		X	X					X	X	
	B1.4	B1.4	VEB1.3.1.	CSC	Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.	70%	25%	60%	20%		10%			10%		X	X					X	X	
	B1.5	B1.5	VEB1.3.2.	CAA /CCL/CSC	Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.	50%	20%	50%		20%	20%			10%		X	X				X	X	X	

**LEENDA COMPETENCIAS**

- CCL Comunicación lingüística.
- CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- CD Competencia dixital.
- CAA Competencia aprender a aprender.
- CSC Competencias sociais e cívicas.
- CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- CCEC Conciencia e expresións culturais.

**LEENDA TRANSVERSAIS**

- CL Comprensión lectora.
- EOE Expresión oral e escrita.
- CA Comunicación audiovisual.
- TIC Tecnoloxías da información e da comunicación.
- EMP Emprendemento.
- EC Educación cívica.
- PV Prevención da violencia
- EV Educación e seguridade viaria.

<b>Temporalización: 1º TIMESTRE:</b>  <b>6-7 SESIÓN</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	<b>Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación</b>	<b>Elementos transversais</b>
---	--	--	-------------------------------

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos							Elementos transversais									
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV		
BLOQUE 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais	B2.1	B2.1	VEB2.1.1.	CCL/ CD	Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.	50%	50%	80%				20%					X	X			X	X	X	
	B2.2	B2.2	VEB2.1.2.	CSC/ CCL/ CD/ CSIEE/ CAA	Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.	50%	50%	60%		10%	10%	10%		10%	X	X							X	X

Temporalización: 2º TRIMESTRE: 6-7 SESIÓN					Estándares de aprendizaxe avaliados	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Elementos transversais									
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos							Elementos transversais								
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV	
Bloque 3. A reflexión é ética	B2.1	B3.1	VEB3.1.1.	CSC	Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.	40%	3%	5%		85%		20%			X	X					X	X	
	B3.1	B3.1	VEB3.1.2.	CSC	Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.	30%	3%	5%		80%			15%	X	X						X	X	X
	B3.2	B3.2	VEB3.2.1.	CSC	Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.	40%	3%			80%			20%	X	X						X	X	
	B3.3	B3.3	VEB3.2.2.	CCL/ CSC	Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.	50%	10%	100%						X	X						X	X	X
	B3.2	B3.4	VEB3.3.1.	CCL	Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.	30%	3%			50%		30%		20%	X	X					X	X	X
	B3.5	B3.5	VEB3.4.1.	CCL	Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.	20%	3%			40%	40%	10%		10%	X	X		X			X	X	X
	B3.6	B3.6	VEB3.4.2.	CSC/CSIEE	Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.	30%	3%	20%		60%			20%	X	X	X	X				X	X	X
	B3.7	B3.7	VEB3.5.1.	CCL	Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.	40%	3%	60%		20%		20%			X	X	X	X				X	X
	B3.8	B3.8	VEB3.5.2.	CCEC	Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.	100%	10%	90%		10%					X	X		X			X	X	X
	B3.9	B3.9	VEB3.5.3.	CCEC	Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.	100%	10%	100%							X	X						X	X
	B3.10	B3.10	VEB3.5.4.	CAA/CCL	Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.	50%	3%	40%		30%		30%			X	X						X	X
B3.11	B3.11	VEB3.6.1.	CSC/ CMCCT/ CCL/ CAA/ CD	Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.	60%	3%			50%	50%				X	X					X	X	X	

B3.12	B3.12	VEB3.6.2.	CCEC	Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.	100%	10%	100%														X	X						X	X		
B3.13	B3.13	VEB3.6.3.	CAA/CCL	Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.	80%	3%	10%			90%												X	X	X	X				X	X	
B3.14	B3.14	VEB3.7.1.	CCL	Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.	100%	10%	90%			10%												X	X						X	X	
B3.15	B3.15	VEB3.7.2.	CCEC	Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.	80%	3%	70%			30%												X	X						X	X	
B3.15	B3.15	VEB3.7.3.	CCL	Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.	50%	3%	60%			20%	20%											X	X						X	X	
B3.16	B3.16	VEB3.8.1.	CCL	Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.	90%	10%				80%				20%									X	X						X	X
B3.16	B3.16	VEB3.8.2.	CCEC	Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.	70%	2%	100%															X	X						X	X	
B3.16	B3.16	VEB3.8.3.	CCL/CSIEE	Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.	80%	2%				100%												X	X						X	X	

**LEENDA COMPETENCIAS**

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

**LEENDA TRANSVERSAIS**

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.
EV	Educación e seguridade viaria.



<b>Temporalización: 2º TRIMESTRE:</b>  <b>6-7 SESIONES</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	<b>Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación</b>	<b>Elementos transversais</b>
--	--	--	-------------------------------

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						Elementos transversais										
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV		
<b>Bloque 4. A xustiza e a política</b>	B4.1	B4.1	VEB4.1.1.	CCEC	Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.	60%	30%	80%					20%			X	X					X	X	
	B4.2	B4.2	VEB4.1.2.	CAA	Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.	50%	20%	80%					20%			X	X					X	X	
	B4.3	B4.3	VEB4.2.1.	CSIEE/CD/CSC	Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.	30%	10%	80%					20%			X	X					X	X	
	B4.4	B4.4	VEB4.1.4.	CSC/ CCL/ CSIEE/ CAA	Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.	50%	10%	80%					20%			X	X					X	X	

**LEENDA COMPETENCIAS**

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

**LEENDA TRANSVERSAIS**

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.
EV	Educación e seguridade viaria.

<b>Temporalización: 3º TRIMESTRE:</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	<b>Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación</b>	<b>Elementos transversais</b>
---------------------------------------	--	--	-------------------------------

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						Elementos transversais									
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	E	
<b>Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos</b>	B5.1	B5.1	VEB5.1.1.	CCL/CD	Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.	50%	100%	50%		20%		20%		10%	X	X	X	X	X	X	X	X	

**LEENDA COMPETENCIAS**

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

**LEENDA TRANSVERSAIS**

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.
EV	Educación e seguridade viaria.

<b>Temporalización: 3º TRIMESTRE:</b>  <b>6-7 SESIÓN</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	<b>Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación</b>	<b>Elementos transversais</b>
--	--	--	-------------------------------

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos							Elementos transversais									
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV		
<b>Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía</b>	B6.1	B6.1	VEB6.1.1.	CAA / CMCCT/ CSC	Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e nega tivo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).	70%	5%			50%	40%	10%				X	X	X	X	X	X	X		
	B6.2	B6.2	VEB6.1.2.	CAA / CMCCT/ CSC	Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.	40%	10%			80%				20%	X	X						X	X	
	B6.2	B6.2	VEB6.1.3.	CD/ CSIEE	Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.	80%	10%			40%	40%	10%		10%	X	X	X	X	X	X	X	X		
	B6.3	B6.2	VEB6.2.1.	CMCCT	Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.	90%	25%	20%		40%	40%				X	X	X	X	X	X	X	X		
	B6.4	B6.3	VEB6.3.1.	CCL/ CMCCT/CSC	Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.	90%	25%	20%		40%	40%				X	X	X	X	X	X	X	X		

B6.4	B6.4	VEB6.3.2.	CCL/ CMCCT/CSC	Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionarlas.	90%	20%					10%			90%	X	X	X		X	X	X	
------	------	-----------	-------------------	--	-----	-----	--	--	--	--	-----	--	--	-----	---	---	---	--	---	---	---	--

**LENDA COMPETENCIAS**

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

**LENDA TRANSVERSAIS**

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
EV	Educación e seguridade viaria

## 9.- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.
2. A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, establecidos no **decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e a concreción que fagan os centros no seu proxecto educativo. Terá como referentes as competencias e os obxectivos xerais da etapa. Os criterios de avaliación das materias serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos.
3. A avaliación será continua en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.
4. Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora.
5. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.
6. Cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o adecuado, determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Nestes niveis de ensino obrigatorio non se poden diferenciar os procedementos e instrumentos de avaliación dos procedementos e instrumentos de intervención educativa, posto que todos estes serven a finalidade de avaliar aos alumnos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

### ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

#### CONCRECIÓN PRÁCTICA

**A nota da avaliación será o resultado da media resultante dos traballos/actividades realizadas.**

Se indicarán actividades de recuperación no caso de que non se supere algunha das avaliacións aínda que esta terá un carácter continuo.

A nota final será a media ponderada das tres avaliacións realizadas, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

1ª Avaliación: 33,33%

2ª Avaliación: 33,33%

3ª Avaliación: 33,33% e sempre e cando sexa superada a 3ª Avaliación dado o carácter continuo da mesma.

**O alumnado que copie en probas ou actividades** suspenderá ditos exercicios de avaliación. Enténdese por copiar a obtención por medios ilícitos de información dos xeitos máis variados: dende a copia de respostas e ou traballos dun compañeiro/a, emprego de “chuletas”, medios electrónicos non autorizados, etc. Evidentemente, o alumno/a será descualificado no acto informaráselle de cando pode repetir o exame.

As **convocatorias extraordinarias** serán un exame no que o alumnado deberá realizar unha proba obxectiva con cinco preguntas (2 puntos máx.) sobre os contidos traballados no curso. Para que a avaliación resulte positiva deberá obter 5 puntos.

Ao comezo de cada curso, o departamento didáctico de filosofía, a través do profesorado, informará a cada grupo de alumnas e alumnos, dos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación exixibles para obter unha valoración positiva das distintas materias, así como dos criterios de cualificación, os instrumentos de avaliación da aprendizaxe que se utilizarán, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, así como das medidas de reforzo e recuperación previstas. Así mesmo, a persoa titora de cada grupo informará ao seu alumnado dos requisitos que determinarán a promoción ao curso seguinte e, no caso do cuarto curso, a titulación. Os alumnos serán informados dos sistemas de cualificación, así como dos contidos mínimos e criterios de avaliación no primeiro mes do curso.

## **10.- PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS – AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación inicial constará de TRES PREGUNTAS

A primeira pedirá ao alumnado que exprese as razóns e expectativas que o levaron a escoller esta materia optativa. En segundo lugar, deberán responder a unha serie de termos que darán a medida dos coñecementos previos sobre a materia así como a súa capacidade de expresión escrita. Finalmente, farase unha cuestión na que teñan que poñer en funcionamento a súa percepción e atención.

A realización da avaliación inicial terá lugar dentro das primeiras sesións do curso académico.

## **11.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.**

### **ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Seguindo as indicacións que aparecen no **DECRETO 86/2015, DO 25 DE XUÑO, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na comunidade autónoma de Galicia**, a nosa metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

No proxecto educativo e nas programacións didácticas xa temos indicadas e fixadas anteriormente as estratexias que desenvolveremos para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

A nosa intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Poremos en práctica os mecanismos de reforzo xa explicitados con anterioridade, tan pronto como detectemos dificultades de aprendizaxe, tanto organizativos como curriculares.

Prestaremos unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentaremos a correcta expresión oral e escrita. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, e, moi especialmente nesta e en todas as do noso Departamento polas súas especiais e fundamentais características para acadar moitos deses fins buscados.



Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, procuraremos dedicar un tempo á lectura na práctica docente.

Promoveremos a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñamos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaremos as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

A nosa metodoloxía didáctica seguirá polo tanto as orientacións metodolóxicas propostas pola LOMCE, que apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores.

Indo aos aspectos máis concretos, por suposto, xa no primeiro punto da nosa metodoloxía temos incluído, coma sempre, o que vostedes sinalan nos consellos da metodoloxía didáctica, é dicir, a incidencia no impulso da autonomía persoal. Digamos que é algo connatural á nosa materia, mais se cabe, nesta materia de Valores Éticos (neste caso de 1º da ESO). De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

**-Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.**

-Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.

-Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirido sexan aplicadas á vida real ou virtual.

-Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.

-Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e exixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.

-Ofrecerlles ás alumnas e aos alumnos instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

## CONCRECIÓN METODOLÓXICA

**Educación presencial:** O alumno acudirá a clase e entregará o traballo que lle mande o seu profesor do xeito que se lle indique (en papel ou a través de Edixgal). Os exames tamén os fará como lle diga o seu profesor, podendo ser presenciais ou a través de Edixgal.

## 12.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- O profesor poñerá a disposición do alumnado os materiais necesarios para o desenvolvemento do currículo da materia en forma de material fotocopiado (apuntes, artigos prensa, et.). Así mesmo se proporcionará aqueles textos filosóficos ou non que permitan o traballo directo.
- Non se prescribe a obriga dun libro de texto concreto. O profesor da materia proporcionará material elaborado e compilado a partir de diversas fontes, fotocopiado. Tamén poderase traballara con material de Nettex.
- O profesor proporcionará tamén os links ou páxinas web que poden resultar interesantes para complementar os contidos da materia.
- Así mesmo o profesorado efectuará recomendacións de películas, libros, discos, xogos, especialmente de todo aquel material de interese para a materia.

## 13.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### 13.1.- MEDIDAS XERAIS.

O profesor proporcionará unha selección de materiais axeitados para a atención da diversidade. Estes poderán ter a forma de material fotocopiado (mapas conceptuais, esquemas, cadros sinópticos), recomendacións bibliográficas que amplíen ou presenten sinxelamente contidos –segundo as necesidades- e enderezos de internet.

Do mesmo xeito, proporcionará e/ou indicará materiais que podan contribuír ao reforzo nos casos que así o precisen unha vez iniciado o proceso de avaliación.

### 13.2.- MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

(ver páxina seguinte)

<b>Medidas ordinarias</b>	
<p><b>Organizativas</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. Espazos diferenciados.</li> <li>• Materiais e recursos didácticos diferenciados.</li> <li>• Desdoblamento de grupos.</li> <li>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.</li> </ul>	<p><b>Curriculares</b></p> <p>Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.</li> <li>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</li> <li>• Programa específico para alumnado repetidor da materia.</li> <li>• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.</li> </ul>

<b>Medidas extraordinarias</b>	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.</li> <li>• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).</li> <li>• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).</li> <li>• Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións curriculares na materia.</li> <li>• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</li> <li>• Alumnado con flexibilización na escolarización.</li> <li>• Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.</li> </ul>

## 14.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES. E O PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Como indica a LOMCE, o noso obxectivo básico debe ser “orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal” . Os temas transversais e contidos actitudinais están en gran medida recollidos nos contidos das distintas áreas do departamento. Por esa razón non consideramos necesario explicitar ditos temas na programación, aínda que debemos subliñar que se hai algunha materia que especificamente faga un gran esforzo na teoría e na praxe no tema da educación en valores, esa é claramente esta, os “Valores Éticos”, como se pode comprobar ao longo das nosas programacións e do noso traballo diario nas aulas

## 15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Seguiremos o plan lector do centro Así, algunhas das **accións concretas de fomento da lectura** que se tentarán realizar son as seguintes:

- ▣ Actividades realizadas na aula que impliquen a lectura dalgún texto. A lectura pode ser en silencio, en pequeno grupo ou en gran grupo. Logo dunha primeira lectura o profesor facilita instrucións de traballo, fai preguntas guiadas ou aporta información extra para convertela nunha lectura comprensiva.
- ▣ Antes de realizar calquera traballo de consulta, aos alumnos explícaselles a diferenza entre as distintas fontes e a utilidade relativa das mesmas: obras orixinais de autor; monografías sobre autor/tema; dicionarios; enciclopedias; libros de texto/actividades; ensaios; revistas e prensa diaria.

Por último, indicar que nos sumaremos ás medidas adoptadas polo Equipo de Normalización Lingüística do Centro. “En conclusión, o uso do galego na zona é menor do que pensabamos, sobre todo no fogar, e ademais, amosa tendencia a diminuír cada vez máis. Por outra banda, a valoración do alumnado das súas competencias en galego é boa, e obsérvase querencia por conservar o idioma e estendelo a outros usos. No entanto, existen bastantes prexuízos en canto ao uso do galego en ámbitos diferentes á familia ou o ámbito académico. Así, parece que o alumnado non considera tan apropiado o uso do galego no ámbito tecnolóxico, ou como idioma que resulte atractivo para relacionarse coa xente da súa idade”.

“A concienciación e a promoción do uso do galego debe ser un cambio lingüístico asumido voluntariamente e dependerá de actuacións que xeren nas persoas unha dinámica interna que conduza a este cambio lingüístico.

Os principais **obxectivos para o fomento do uso do galego** son:

- Acadar unha mellor competencia oral e escrita en galego no noso alumnado.
- Aumentar o uso habitual do idioma galego no entorno educativo para que poida extrapolarse posteriormente a outros ámbitos. Asegurarase o emprego do galego nas actividades non estritamente académicas, como actividades culturais ou de ocio.
- Mellorar a valoración e aprecio pola nosa lingua.

## 16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Ademais da colaboración prevista no plan do centro para a integración das TICs, o departamento de filosofía proporcionará unha serie de enderezos e páxinas web que axudarán ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe da materia de Valores Éticos de 2º da ESO. Resulta importante fomentar no alumnado unha aprendizaxe de selección de información polo que se fomentará o emprego de criterios obxectivos na selección de páxinas web de contidos éticos e políticos.

Así mesmo proporcionará a información sobre os materiais audiovisuais existentes no centro (Videoteca) que poden complementar e enriquecer as visións dos problemas dos valores éticos concernentes á noción de desenvolvidas no currículo e que están a disposición da comunidade educativa.

## 17.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Os contidos e actividades da área inclúen a **coeducación** así como a **solución dialogada dos conflitos**.

Por esta razón, temos previsto propoñer ao alumnado que curse “Valores Éticos” en 2º de ESO como **equipo de mediación para a convivencia no centro**.

Agardamos que esta sexa unha medida útil e beneficiosa non só para este alumnado concreto, senón para o mellor desenvolvemento en tolerancia e convivencia do conxunto do centro, ao involucrar aos propios estudantes como mediadores directos nos posibles conflitos, o que cremos incidirá nunha máis positiva resolución dos mesmos.

## 18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Amosámonos dispostos a colaborar co Departamento de Actividades Complementarias e extraescolares nas actividades que se propoñan e que teñan que ver coa materia impartida polo departamento.

No caso desta materia (Valores Éticos 2º ESO) é moi importante valorar previamente as posibilidades e o compromiso do alumnado implicado na materia, polo que se nos ocorre moitas posibles actividades: unha visita a unha institución representante do poder executivo, lexislativo ou xudicial que se concretará en función dos permisos correspondentes e da posible coordinación coas actividades doutros departamentos. En principio sería desexable a asistencia a un xuízo público, un pleno do concello e/ ou unha visita ao parlamento galego. Proxectamos tamén a celebración dalgún tipo de concurso que promova o respecto aos dereitos humanos en xeral e /ou un dereito en particular e/ou o dereito da comunidade educativa en xeral e do alumnado en particular.

Tamén pensamos celebrar algún tipo de coloquio e ou visita para a prevención do maltrato animal para o que esperamos contar coa participación da protectora de animais de Cambados.

Dun xeito particular o departamento de Filosofía dedícase a desenvolver as actividades que se nos propoñen dende a Rede de Escolas de Amnistía Internacional. Neste senso mantemos ao longo do curso académico un panel informativo con propostas de actividades. Así mesmo esperamos poder ofrecer ao noso alumnado unha charla impartida por un/unha activista a prol dos Dereitos Humanos: de feito, o alumnado de valores éticos podería ter (e agardamos que teña) un papel protagonista iniciándose e servindo de exemplo na praxe do voluntariado.

Todo o alumnado do departamento de Filosofía ten á súa disposición o blog sobre dereitos humanos que desenvolvemos. Dende el celebraremos especialmente as datas do Día Internacional dos Dereitos Humanos, Día da Paz e Día da muller traballadora.

Na medida das nosas posibilidades procuraremos organizar algunha conferencia que será ofertada a todo o alumnado de 2º de ESO e que toque temas interesantes referidos aos valores éticos nos que se basea a nosa programación.

## **19.- PROGRAMACIÓN DA MATERIA PARA PENDENTES.**

No presente curso académico non existe alumnado coa materia pendente.

## **20.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN (INCLÚE INDICADORES).**

A programación da materia deberá ser avaliada de acordo con, a lo menos, os seguintes criterios:


- a) Atención á diversidade.
- b) Potenciación da aprendizaxe activa mediante a realización por parte do alumnado de buscas de información e realización de mapas conceptuais, esquemas, etc que lles faciliten a incorporación significativa de novos contidos.
- c) Emprego das TICs.
- d) Coherencia na aplicación dos criterios de avaliación e cualificación.
- e) Coherencia na aplicación dos procedementos de cualificación.
- f) Adecuación dos contidos mínimos esixibles.

Para acadar esta avaliación, empregaremos os seguintes indicadores xerais:

### Indicadores de logro da práctica docente

	Escala(de menos a máis)			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				





16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Nas reunións de Departamento en xeral, así como na reunión previa á presentación da memoria do curso se realizarán as valoracións pertinentes.

**-Periodicidade de revisión: Mensual; Acordos de Departamento no que constarán:**

**-Medidas resultado da revisión:**

**-Contidos engadidos, adiados, eliminados con respecto á programación prevista.**

**-Grao de cumprimento da temporalización prevista, etc.**

## 21.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### 21.1.- INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala(de menos a máis)			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## 21.2.- INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala (de menos a máis)			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 22.- REFERENCIAS NORMATIVAS

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

## 23.- DATOS DO DEPARTAMENTO

<b>Materia</b>	<b>Curso</b>	<b>Grupos</b>	<b>Profesor/a</b>
VALORES ÉTICOS	2º ESO	2	ROCÍO PÉREZ DÍAZ
EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS	3º ESO	2	JUAN RAMÓN BÚA SONEIRA
VALORES ÉTICOS	4º ESO	1	ROCÍO PÉREZ DÍAZ
FILOSOFÍA	1º BACH	3	JUAN RAMÓN BÚA SONEIRA
PSICOLOXÍA	2º BACH	1	MARÍA CELIA NÚÑEZ PERTEJO
Hª DA FILOSOFÍA	2º BACH	2	JUAN RAMÓN BÚA SONEIRA

## **24.- PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN.**

A presente programación estará dispoñible para calquera consulta na conserxería do centro así como no Departamento de Filosofía. Así mesmo cada docente do departamento entregará ó inicio do curso información ós alumnos como mínimo sobre os obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios e instrumentos de avaliación. Tamén colgarase na Aula Virtual do Centro.

En Vilanova de Arousa, 19 de Setembro de 2022

Juan Ramón Búa Soneira

Xefe de Departamento.

Rocío Pérez Díaz,

Profesor/a que imparte a materia: